


POSTA EN MARCHA  
DUN NEGOCIO

Sociedade civil






**XUNTA  
DE GALICIA**

**Edición:**  
Xunta de Galicia

**Autor:**  
OBZ SL

**Deseño e maquetación:**  
OBZ SL


**Santiago de Compostela, 2024**  
**Depósito legal:**  
C 596-2024



# ÍNDICE



## 3. Sociedade civil



# 1 Descripción e definición

- ✓ **CONTRATO POLO QUE DÚAS OU MÁIS PERSOAS POÑEN EN COMÚN CAPITAL, BENS OU INDUSTRIA CO PROPÓSITO DE REPARTIR ENTRE SI AS GANANCIAS.**





## DEFINICIÓN

A sociedade civil é un contrato privado de colaboración entre dúas ou máis persoas que desexan realizar conxuntamente unha actividade con ánimo de lucro e buscan unha ganancia mercantil ou xestionan un patrimonio, por exemplo.

Estas persoas deben estar dadas de alta como persoa empresaria individual ou autónoma e ser, como mínimo, dúas.

Poderán optar entre achegar traballo, o cal as converte en "socias industriais", e/ou bens ou diñeiro, o que as converte en "socias capitalistas".

A sociedade civil é unha opción pouco estendida; recomendable en pequenos negocios que non esixen apenas investimento e nos que se opta por unha xestión sinxela, ao igual que as comunidades de bens. A diferenza destas, nunha sociedade civil o obxectivo é a obtención de beneficio e non a xestión dun ben ou dereito proindiviso (como ocorre na comunidade de bens).

A intención de asociarse para realizar unha actividade lucrativa é outro aspecto diferenciador que nos indica que estamos ante unha sociedade e non unha comunidade de bens. A sociedade civil require unha vontade das persoas socias de actuar fronte a terceiros como unha entidade.

É unha opción que se pode valorar se se pretende poñer en marcha un pequeno negocio para o que se prefira manter a maior sinxeleza na xestión, a que supón ser persoa empresaria individual ou autónoma. Pode ter ou non personalidade xurídica, aínda que a ten sempre que nos pactos entre as persoas socias non sexan secretos.

## TIPOS DE PERSOAS SOCIAS E FUNCÍONS:

<b>PERSOAS SOCIAS CAPITALISTAS</b>	<b>PERSOAS SOCIAS INDUSTRIAIS:</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Son as encargadas de xestionar a sociedade.</li><li>✓ Achegan capital e traballo.</li><li>✓ Participan nas ganancias e nas perdas da sociedade segundo o pactado.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>✓ Non participan na xestión agás que se estableza o contrario.</li><li>✓ Achegan traballo persoal.</li><li>✓ Participan nas ganancias da sociedade, pero non nas perdas, agás pacto expreso.</li></ul>




### CARACTERÍSTICAS

As características principais da creación deste tipo de asociación entre persoas autónomas son:

- ✓ Requírese dun **mínimo de dúas persoas** que deben estar dadas de alta como persoa autónoma (salvo excepcións) e non existe máximo.
- ▲
- ✓ A **responsabilidade é ilimitada para as persoas sociais capitalistas**: responden con todos os seus bens ante calquera débeda de forma subsidiaria. É dicir, primeiro responde a sociedade e despois responden as persoas sociais, cos seus bens presentes e futuros, **de conformidade coa porcentaxe de participación pactada**. Ademais, as persoas sociais responderán fronte á sociedade dos danos e perdas ocasionados con culpa.
- ▲
- ▲
- ▲
- ▲

No caso das persoas sociais industriais, non participan nas perdas, agás pacto expreso.


- ✓ Requírese a existencia dun **contrato privado** de sociedade civil no que se detalle:
  - A actividade.
  - As achegas de cada persoa socia (en diñeiro ou en especie).
  - A porcentaxe de participación de cada persoa en perdas e ganancias.
  - Un sistema de administración e representación.
  - Causas de liquidación e disolución.
- ✓ O **tipo de tributación** queda suxeito a que na declaración figure expresamente como obxecto social a realización dunha **actividade económica ou non**.
- ✓ Pode **ter ou non personalidade xurídica**, segundo se os seus pactos se manifestan ao exterior ou permanezan secretos. De conformidade co disposto no artigo 1.669 do Código civil, a sociedade civil ten personalidade xurídica sempre que os pactos entre as persoas sociais non sexan secretos. A Axencia Tributaria considera que teñen personalidade xurídica cando se manifestan como tales no momento de solicitar o número de identificación fiscal (NIF), é dicir, cando o mencionan no acordo de vontades.



## 2 Características



- ✓ A sociedade civil que careza de personalidade xurídica por permanecer secrosos os pactos entre as persoas socias rexerese polas disposicións relativas á comunidade de bens.
- ✓ Cando se acheguen bens inmobles ou dereitos reais, cómpre que a constitución se faga mediante escritura pública.
- ✓ **Non se esixe achega mínima para a posta en marcha.** O capital está formado polas achegas das persoas socias, tanto en diñeiro como en bens ou traballo, servizos ou actividade en xeral.
- ✓ A sociedade civil ríxese polo Código de comercio en materia mercantil e polo Código civil en materia de dereitos e obrigas.
- ✓ A sociedade civil admite diversas formas de administración e representación: única, mancomunada ou solidaria.
- ✓ Unha sociedade civil extínguese cando cumpre a duración estipulada no contrato, pola finalización do seu obxecto social ou actividade, cando non se cumpren as achegas, por morte, insolvencia, incapacitación dunha persoa socia ou por embargo do patrimonio social a causa das débedas dunha persoa socia.
- ✓ Pode transformarse en calquera tipo de sociedade mercantil sen necesidade de liquidarse e disolverse. A transformación xurídica dunha sociedade civil coa personalidade xurídica nunha comunidade de bens non está amparada na normativa xurídica.



**A**

### Sociedade civil con obxecto mercantil

Aquelas que declaren como obxecto social a realización dunha actividade económica de produción, intercambio ou de prestación de servizos, agás a entidade que se dedique a actividades agrícolas, gandeiras, forestais, mineiras, pesqueiras ou de carácter profesional.

#### ACTIVIDADES EMPRESARIAIS COMA:

- Aluguer de locais.
- Resto de actividades empresariais: todos os epígrafes do IAE, excepto as actividades mineiras; epígrafes das agrupacións 11, 12, 13 e 14 da sección 1, división 1 e as agrupacións 21 e 23 da división 2 das tarifas do imposto de actividades económicas (casilla 402 do modelo 036).
- Artísticas e deportivas.
- Profesionais.

**B**

### Sociedade civil profesional (SCP)

As sociedades civís constituídas ao abeiro da Lei 2/2007, do 15 de marzo de sociedades profesionais (deben acollerse á dita lei no acordo de vontades ou na escritura de constitución). Estas entidades tributan polo imposto da renda das persoas físicas (IRPF).

**C**

### Sociedade civil sen obxecto mercantil

Resto de sociedades civís diferentes das dúas anteriores; inclúense actividades agrícolas, gandeiras, forestais, mineiras, pesqueiras. Estas entidades tributan polo imposto da renda das persoas físicas (IRPF).





### VANTAXES

- Forma sinxela para a asociación de persoas empresarias autónomas.
- Menos xestións para a súa constitución respecto das sociedades mercantís.
- Máis económica.
- A xestión das obrigas fiscais e contables é máis sinxela que no caso dunha sociedade limitada. Tributa polo imposto de sociedades unicamente cando a sociedade civil se manifestase como tal fronte á Administración tributaria dende 2016, ano no que entrou en vigor o establecido na Lei 27/2014, do 27 de novembro, na que se estipula que as sociedades civís con obxecto mercantil debían cambiar a súa forma de tributación ao imposto de sociedades.
- So é necesaria escritura pública ante notaría se hai achegas de inmobles ou dereitos reais.
- Permite cotizar pola tarifa plana e a cota mínima no réxime de persoas empresarias individuais ou autónomas da Seguridade Social.

### INCONVENIENTES

- ✗ Responsabilidade ilimitada.
- ✗ Respóndese das débedas co patrimonio persoal presente e futuro.
- ✗ Responsabilidade subsidiaria das persoas socias fronte a terceiros. Primeiro responde a sociedade e despois as persoas socias, pódese estipular no pacto como se reparte a responsabilidade.
- ✗ Se se tributa por IRPF: un volume importante de beneficios pode xerar tipos impositivos elevados.
- ✗ Se as persoas socias están casadas polo réxime de gananciais, pode dar lugar a que a súa actividade alcance o patrimonio da/o cónxuxe.
- ✗ Non ofrece a mesma imaxe de permanencia e solidez cunha sociedade limitada.



## 5 Constitución e posta en marcha

### 5.1 - PROCESOS E TRÁMITES

Para constituir unha sociedade civil cómpre realizar os seguintes pasos:



**Subscribir o contrato de constitución ou estatutos da sociedade.** Todas as persoas socias asinarán un contrato privado no que se detalle a natureza das achegas e a porcentaxe de participación que cada unha ten nas perdas e ganancias da sociedade civil.

En internet podes atopar modelos de **CONTRATO** que che poden servir de guía.

No caso de achega de bens inmobles ou dereitos reais é preciso unha escritura pública na notaría.



#### Na Axencia Tributaria (AEAT):

- Obtención do CIF.
- Declaración censual **MODELO 036**.
- Alta no imposto de actividades económicas **IAE**.
- Alta no imposto de sociedades, IS, se ten obxecto mercantil.
- Ademais, cada persoa socia ou partícipe deberá presentar unha declaración censual para comunicar as obrigas tributarias que se deriven da súa condición de membro da sociedade civil.



#### Na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga):

- Liquidación do **IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓN PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS**.



#### No rexistro mercantil:

- Inscripción da empresa na que, por ser a primeira inscrición, constará: a identidade das persoas socias, a denominación da sociedade coa expresión "sociedade civil", o obxecto, o réxime de administración, a duración, se a houbese, e demais pactos lícitos estipulados.



#### Na Tesorería Xeral da Seguridade Social:

- Alta das persoas socias no réxime especial de persoas traballadoras autónomas (RETA). No caso de contratar traballadores, solicitude do código de conta de cotización (CCC) e alta das persoas traballadoras no réxime xeral.

## 5 Constitución e posta en marcha



### **No concello:**

Se se abre un local, fanse obras ou se cambia de titularidade ou actividade, hai que solicitar a licenza de apertura e/ou licenza de obra correspondente.



### **Na Xunta de Galicia:**

Realizar a comunicación de apertura do centro de traballo.

Recoméndase a súa constitución en escritura pública que, ademais, é imprescindible cando se achegan inmobles ou dereitos reais.

Os trámites de constitución dunha sociedade civil son similares aos doutras formas xurídicas: primeiro cómpre pechar un acordo entre as partes e despois acudir a Facenda, á Seguridade Social e, en caso de precisar licenza de apertura, ao concello da localidade onde se fixe o domicilio.

Pódese facer de dous xeitos:

### **TELEMÁTICA:**

Cómpre ter o certificado dixital para identificarse ante cada un dos organismos oficiais.

Existen dúas opcións principais para devandita tramitación telemática:

- Directamente as persoas socias cos seus respectivos certificados electrónicos.
- A través dunha xestoría ou asesoría de empresas.

### **PRESENCIAL:**

Acudindo aos organismos e administracións públicas.

**AEAT**, Agencia Estatal de Administración Tributaria: Tel.: 91 290 13 40

Oficinas A Coruña

Oficinas Lugo

Oficinas Ourense

Oficinas Pontevedra

**Atriga**, Axencia Tributaria de Galicia: Tel: 881 955 800

Delegación A Coruña

Delegación Lugo

Delegación Ourense

Delegación Pontevedra

Delegación Vigo







### **SEGURIDADE SOCIAL**


Buscador de oficinas próximas da Seguridade Social Tel: 91 542 11 76

## 5 Constitución e posta en marcha

### 5.2 - DOCUMENTACIÓN E PRAZOS

Cómpre realizar os seguintes trámites:

-  1 Subscrición do contrato de constitución ou estatutos da sociedade. Pode ser en documento privado, pero terá que elevarse a público (escritura) sempre que se acheguen bens inmoables ou dereitos reais.
-  2 Obtención do CIF ([MODELO 036](#))
-  3 Liquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, ITP e AXD, en caso de que se acheguen bens (aplícase un 1% do valor dos bens achegados).
-  4 Alta no IAE, imposto de actividades económicas.
-  5 Alta no réxime especial de persoas traballadoras autónomas (RETA) das persoas, no caso de que non o estivesen con anterioridade.
-  6 No caso de contratar persoas traballadoras: solicitude do código de conta de cotización (CCC).



## 5 Constitución e posta en marcha

7



Se hai local onde desenvolver a actividade: solicitar a licenza de apertura no concello onde quede fixado o enderezo social da sociedade civil. No caso de realización de obras no local, é necesario solicitar tamén a correspondente licenza de obra.

8



Realizar a comunicación de apertura do centro de traballo na Xunta de Galicia.

9



Cumprir a normativa vixente en canto á prevención de riscos e Regulamento europeo de protección de datos de carácter persoal (RXPDP).


Os pasos 2 e 4 realízanse a través da [Axencia Tributaria](#).

O paso 3 realízase a través da [Axencia Tributaria de Galicia \(Atriga\)](#).


Os pasos 5 e 6 realízanse a través da [web da Seguridade Social](#).



**RECOMENDACIÓN:** asinar o contrato de constitución na notaría para reforzar o compromiso entre as persoas socias.



## 5 Constitución e posta en marcha



## 6 Obrigas fiscais

### OBRIGAS FISCAIS

As sociedades civís, **cando teñen obxecto mercantil**, tributan no **imposto de sociedades**. Se o obxecto **non é mercantil**, a sociedade non tributará polas rendas obtidas, senón que estas se **atribuirán ás persoas socias**, que pagarán o imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

Algunhas das obrigas fiscais da sociedade mencionáronse no proceso de constitución e posta en marcha:

- ✓ Darse de alta no censo de personas empresarias mediante presentación do **MODELO 036**
- ✓ Solicitud de CIF.
- ✓ Alta na **epígrafe IAE** correspondente á actividade que se vaia desenvolver.
- ✓ Autoliquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, ITP e AXD **MODELO 600**. A operación de constitución está exenta do devandito imposto, aínda que se debe presentar igualmente o devandito modelo.

Outras obrigas fiscais a ter en conta:

- ✓ Imposto de sociedades (IS) mediante a presentación do **MODELO 200**, se é preceptivo.
- ✓ Liquidacións periódicas do IVE: trimestralmente mediante o **MODELO 303** e de maneira anual co **MODELO 390**. Se é o caso, **MODELO 347** Declaración Informativa. Declaración anual de operacións con terceiras persoas e **MODELO 349** Declaración informativa. Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias.
- ✓ Retencións a conta do IRPF mediante a presentación do **MODELO 111** e do **MODELO 190** principalmente.



## 6 Obrigas fiscais

### TRIBUTACIÓN

O **tipo de tributación** queda suxeito a que na declaración figure expresamente como obxecto social a realización dunha **actividade económica ou non**.

A Axencia Tributaria diferencia dous grupos:

#### - **Sociedade civil de carácter mercantil.**

Serán aquelas con obxecto mercantil que tributan polo **imposto de sociedades**.

Quedan excluídas deste grupo aquelas sociedades que se dediquen a actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou mineiras.

#### - **Sociedade civil sen obxecto mercantil e sociedade civil profesional.**

Constituídas estas últimas ao abeiro da Lei 2/2007, do 15 de marzo de sociedades profesionais .  
Inclúense neste grupo tamén aquelas sociedades que se dediquen a actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou mineiras.


Estas sociedades tributan polo **imposto da renda das persoas físicas, IRPF**.



## PARA TER EN CONTA

### BONIFICACIÓNS E AXUDAS

Existen bonificacións nas cotas que hai pagar e axudas para a posta en marcha dun negocio, infórmate axeitadamente. As axudas poden resultar interesantes, pero lembra que a viabilidade dun proxecto non debe apoiarse nunca exclusivamente nelas.





## 7 Extinción e cesamento de actividade


A extinción dunha sociedade é o proceso mediante o cal a persoa empresaria realiza os trámites necesarios para o peche da empresa.

Antes de tomar unha decisión, as persoas socias fan ben en sopesar todas as consecuencias legais e financeiras derivadas da extinción da sociedade, porque, nalgúns casos, pode bastar un cesamento, que deixa a porta aberta a unha reactivación posterior sen chegar á disolución.

A sociedade civil pode extinguirse por algunha das seguintes causas:

- ⚙️ Cumprimento da duración estipulada no contrato.
- ⚙️ Finalización do obxecto social ou actividade.
- ⚙️ Incumprimento das achegas por parte das persoas socias.
- ⚙️ Morte, insolvencia ou incapacitación dunha das persoas socias.
- ⚙️ Embargo do patrimonio social a causa de débedas dunha das persoas socias.
- ⚙️ Resolución xudicial.

No proceso de extinción débense seguir os seguintes pasos: disolución-liquidación-extinción



## 7 Extinción e cesamento de actividade

### DISOLUCIÓN

A disolución é precisa para a liquidación da sociedade; non supón a desaparición da forma xurídica, senón a paralización da actividade da empresa.

Coa disolución, a empresa entra no período de liquidación e debe engadir á súa razón social a frase "en liquidación". Ademais, suspéndese a actividade ordinaria e substitúese o órgano de administración polas persoas liquidadoras.

### LIQUIDACIÓN

A finalidade da liquidación é a repartición do patrimonio entre as persoas socias despois de cobrar os créditos pendentes e pagadas as débedas con terceiros. Nesta fase, a sociedade aínda podería reactivarse, pois, aínda que a actividade estea paralizada, a sociedade segue mantendo a súa personalidade xurídica.

As persoas administradoras convértense en liquidadoras e xestionan e dirixen o proceso. O resultado final do proceso de liquidación pode supoñer unha perda ou ganancia patrimonial que a persoa socia deberá declarar a Facenda para efectos do IRPF.

Un caso especial que se debe ter en conta é a *liquidación por concurso de acredores*, na que se produce a disolución da empresa de pleno dereito e na que non procede o nomeamento de persoas liquidadoras.

**NOTA:** se a sociedade non tivese débedas nin créditos pendentes, a disolución e a liquidación poderían levarse a cabo de forma paralela.

### EXTINCIÓN

Unha vez realizada a liquidación, as persoas liquidadoras deben obrigatoriamente inscribir a extinción no rexistro mercantil mediante escritura pública (se se constituíu con escritura pública na notaría) que conteña:

- ✓ Balance final de liquidación.
- ✓ Acordo de aprobación do balance final.
- ✓ Declaración de pagarlle ás persoas acredores o acordado no devandito pago posterior á venda.
- ✓ Cota de liquidación por persoa socia a través do ITP e AXD.

## 7 Extinción e cesamento de actividade

Tras a extinción, no prazo dun mes, as persoas socias deben darse de baixa no censo de persoas empresarias da AEAT mediante o [MODELO 036](#) e do IAE mediante o [MODELO 840](#).

No caso de ter persoas empregadas, cómpre dar de baixa o código de conta de cotización na Tesourería Xeral da Seguridade Social mediante o [MODELO TA.7](#) de solicitude de alta, baixa e variación de datos da conta de cotización.




Lembra que é esencial contar co asesoramento de profesionais do ámbito legal e contable para asegurarse de cumprir con todas as regulacións e procedementos aplicables en cada caso particular.

## 8 Normativa aplicable

A sociedade civil non dispón dunha lei propia que regule o seu funcionamento e réxime legal.

Réxese polo Código de comercio en todos aqueles aspectos que teñan carácter mercantil e polo Código civil en materia de dereitos e obrigacións.





# COLECCIÓN DE MICROGUÍAS PARA **O EMPRENDEMENTO**

